

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A SOCIEDADE PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA AGROBIOTECH INNOVACIÓN

En Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017

R E U N I D O S

FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, conselleiro de Economía, Emprego e Industria e Presidente da Axencia Galega de Innovación, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

PATRICIA ARGEREY VILAR, con DNI 33.329.475-Z, quen actúa en nome e representación da entidade "Parque Tecnolóxico de Galicia S.A." (en adiante PTG) na súa calidade de representante persoal física do vicepresidente e conselleiro delegado, Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na escritura notarial do notario de Ourense D. Daniel Balboa Fernández de data 5 de marzo de 2013 e número 368 do seu protocolo, polo que se delegan no conselleiro delegado, para o seu exercicio, tódalas facultades propias do Consello de Administración, a excepción feita das indelegables.

E X P O Ñ E N

PRIMEIRO.-

Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

GAIN está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen a mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de

fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO.-

Que o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante tamén PTG, S.A.) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais PTG, S.A. mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.

Neste sentido, PTG, S.A. achega unha dilatada experiencia dende a súa constitución no ano 1991, para desenvolver actividades que contribúan á promoción económica e ao desenvolvemento tecnolóxico de Galicia. O seu obxecto social contempla o papel como axente dinamizador da I+D+i en toda Galicia e concretamente atribúenselle estas capacidades:

- Prestar á Xunta de Galicia e aos organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outro plan.
- Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.
- A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.

A entidade mercantil “PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.”, órgano de xestión da Tecnópole, foi orixinariamente constituída baixo a denominación de “PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA-OURENSE S.A.” en escritura outorgada en Ourense, ante o Notario que foi desa cidade D. Álvaro Moure Goyanes, o 11 de decembro de 1.991, baixo o número 1.618 de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Ourense, tomo 185, folio 169, folia OR-1207. A súa primeira denominación foi modificada pola de PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA S.A. en escritura autorizada polo Notario que foi de Ourense D. José Cora Guerreiro, o 10 de xuño de 1.993. A denominación actual de PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A. foi modificada a través de escritura pública de data 9 de xullo de 2012.

A participación da Xunta de Galicia na sociedade foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na reunión do 18 de xullo de 1991 na cantidade de 147.248 euros, non podendo ser a devandita participación inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social fundacional.

A configuración do capital social inicialmente subscrito polos diferentes accionistas foi obxecto de varias modificacións. Así, a través das escrituras de compravenda de accións de 20 de febreiro de 2003 e de 10 de maio de 2004, a Xunta de Galicia transmitiu parte das súas accións á Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela S.L.L. (UNIXEST) e á Universidade da Coruña.

No ano 2008 levouse a cabo unha ampliación de capital, emitíndose 2.200 accións cun importe nominal de 601,01 €/acción e unha prima de emisión de 198,99 €/acción. O acordo desta ampliación elevouse a público mediante escritura outorgada en Ourense o 9 de febreiro de 2009 ante o notario Fernando Martínez-Gil Fluxá baixo o número 246 do seu protocolo. En virtude desta ampliación, a Xunta de Galicia subscribiu 990 accións mantendo así a súa participación.

No ano 2015 levouse a cabo a última ampliación de capital, emitíndose 675 accións cun importe nominal de 601,01 €/acción e unha prima de emisión de 238,99 €/acción admitindo a subscrición incompleta de accións. O acordo desta ampliación elevouse a pública mediante escritura outorgada en Santiago de Compostela o 9 de marzo de 2016 ante o notario Manuel Remuñán López baixo o número 411 do seu protocolo. En virtude desta ampliación, á que acudiron unicamente Xunta de Galicia e a Confederación Empresarial de Ourense, a Xunta de Galicia subscribiu 303 accións pasando a ter unha representación do 50,52% do capital social.

A composición actual do accionariado do Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., é a seguinte:

Entidade	Nº accións	Importe (€)	% Participación
Xunta de Galicia	1518	912.333,18	50,52
Abanca Corporación Bancaria S.A.	1122	674.333,22	37,34
INORDE	105	63.106,05	3,49
Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense	50	30.050,50	1,66
Concello Ourense	50	30.050,50	1,66
Concello San Cibrao	20	12.020,20	0,74
Confederación Empresarial de Ourense	12	7.212,12	0,40
Unión General de Trabajadores	10	6.010,10	0,33
Universidade de Vigo	54	32.454,54	1,80
UNIXEST (USC)	54	32.454,54	1,80
Universidade da Coruña	10	6.010,10	0,33
Total	3005	1.806.035,05	100,00

O Plan Galego de Innovación I2C (2011-2015) identificou o crecemento empresarial como un dos principais retos da economía galega e a innovación, como a panca fundamental para incentivar ese crecemento. Nese sentido o plan de investigación e innovación fixo especial fincapé en

orientar as súas directrices a lograr ese resultado: Aumentar a competitividade das empresas galegas que utilizan a innovación para crecer nun mercado cada vez máis global. E prestou especial atención aos programas capaces de acelerar ese crecemento en sectores especialmente estratéxicos onde Galicia posúe unha potencialidade contrastada.

A Estratexia de Especialización Intelixente, RIS3, marca claramente a folia de ruta das prioridades que Galicia debe coidar para crecer e renovarse, competir no exterior e ser máis eficientes. Todo isto en liña co I2C e co mesmo obxectivo: A consecución dun maior desenvolvemento económico e social e a eficiencia nun novo contexto e tamén nun novo escenario da Política de Cohesión Comunitaria para o período 2014-2020.

A Estratexia Galega de Impulso á Biotecnoloxía 2016-2020, liderada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa implicación transversal de cinco consellerías máis: Consellería de Sanidade, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Mar e do Medio Rural e a participación de máis de 50 axentes entre empresas, organismos e centros de investigación e universidades, define unha serie de subsectores prioritarios entre os que se atopan: a alimentación funcional e o envellecemento activo, os novos produtos e procesos para o sector lácteo, as novas tecnoloxías para o medicamento personalizado, a eficiencia na sanidade animal e derivados e a *open innovation* para o descubrimento de fármacos, aos que se aúna como subsector transversal o das tecnoloxías facilitadoras: *tics* e bioinformática, química biolóxica, xenética, bioenxeñería e tecnoloxías ambientais.

Ademais, define como un dos seus tres eixes estratéxicos o Eixo 2. Fortalecemento e consolidación empresarial, Programa de Actuación B1. Capacitación e competitividade innovadora.

TERCEIRO.-

Que a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., como ente responsable da Tecnópole, é coñecedora de primeira man da necesidade de apoiar ás empresas innovadoras con alto potencial de crecemento no seu desenvolvemento, favorecendo a internacionalización, o networking e o acceso a financiamento das mesmas.

CUARTO.-

Que co obxectivo de crear un espazo prolífico para o crecemento orgánico das empresas, a partir de procesos de toma de decisión de calidade o PTG, S.A. en colaboración coa Axencia Galega de Innovación puxo en marcha en 2015 o primeiro programa do Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega: Programa Agrobiotech Innovación, para xerar dinámicas de apoio aos equipos directivos das empresas para que desde a valorización do coñecemento, desde a innovación, desde a internacionalización e o reforzamento das súas capacidades financeiras e de management, poidan emprender sendas de crecemento sustentable.

As actuacións do Programa Abrobiotech Innovacion tiveron como obxectivo, a través de accións de aceleración global outorgar ás pemes participantes a mellora nas súas capacidades para:

- Mellorar a xestión empresarial e os modelos organizativos;
- Ampliar a comercialización de produtos ou servizos innovadores;
- Desenvolver novos produtos ou servizos con socios nacionais e internacionais nun marco de innovación aberta;
- Incrementar a capacidade de captación de financiamento privado e público europeo en H2020.

Entre as actuacións no marco da primeira edición do Programa Agrobiotech, encontráronse:

- Programa individualizado de aceleración para 11 Pemes dos sectores Biotecnoloxía, Agroalimentación e Biomasa coa elaboración por parte de titores expertos de “Itinerarios específicos” para cada Peme, logo da realización de diagnósticos estratéxicos internos de competitividade.
- Programa de titorización e seguimento de resultados das 11 empresas participantes
- Celebración de 9 accións de capacitación transversal para todas as Pemes participantes do Programa asociadas aos obxectivos definidos e con certas actividades abertas ao resto de empresas dos sectores obxectivo da primeira edición do programa.
- Celebración do Encontro Agrobiotech Innovación con máis de 300 asistentes, 56 ponencias de expertos, 132 reunións bilaterais e 28 expositores.
- Celebración de Lonxa de inversores BIO

QUINTO.-

Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, e en cumprimento do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral para a promoción económica, á innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a creación de emprego en Galicia e está en consonancia cos obxectivos específicos do eixo estratéxico número dous da Estratexia E2i.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que a Tecnópole é o único parque científico-tecnolóxico de Galicia, representando o espazo físico de encontro entre o

sistema público de I+D+i e o tecido privado, e contando coa experiencia e os profesionais e colaboradores necesarios para levar a cabo este tipo de Programa de formación en excelencia.

A experiencia de Tecnópole desenvólvese ao longo de 25 anos coa xestión da primeira incubadora de empresas que se creou en Galicia e pola que pasaron máis de 180 pequenas empresas innovadoras ou de base tecnolóxica que contaron co acompañamento e apoio directo do persoal da sociedade xestora, e que en moitos casos empezaron como pequenos proxectos que na actualidade son empresas xa internacionalizadas. Máis alá de ofrecer espazos para o nacemento de novas empresas, Tecnópole mantén a súa aposta polo crecemento destas, acompañándoas no proceso, para que poidan competir nun contorno local e internacional.

Este apoio constante ás empresas complétase con actividades que promoven o espírito emprendedor entre os rapaces en idade escolar (Aulas Tecnópole, Galiciencia, Campamentos Tecnolóxicos e Espectáculos de Ciencia) e o desenvolvemento de proxectos xurdidos do entorno universitario que levan camiño de converterse en empresas (Preincubadora de Proxectos).

O coñecemento do tecido empresarial de Tecnópole va moito máis alá do propio contorno do Parque Tecnolóxico de Galicia xa que ten participado en proxectos interrexionais para o incremento da competitividade empresarial como é o caso do recentemente rematado proxecto europeo ER-INNOVA no que participaron máis de 100 pemes do sector das enerxías renovables. Ademais Tecnópole levou a cabo durante os anos 2011-2012 un programa piloto para o impulso do crecemento empresarial ofrecendo de forma individualizada para as 12 empresas seleccionadas de toda Galicia, asesoramento para a definición da súa estratexia e os retos de crecemento, e o posterior acompañamento na primeira fase de implantación das accións para medrar, co obxectivo último de impulsar as empresas nun contexto global e competitivo.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio con arreglo ás seguintes,

C L A Ú S U L A S

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. para a celebración da segunda edición do programa do Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega: Programa Agrobiotech Innovación.

Como **anexo I** ao convenio, recóllese a descrición das actividades obxecto do mesmo.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables.

- De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da

actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

- Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se detallan a continuación:
 - Persoal propio, sempre e cando se xustifiquen adecuadamente as horas dedicadas ás actividades obxecto do convenio.

Contratación de persoal especificamente para colaborar nas actividades obxecto do convenio.

- Material inventariable e bibliográfico: Custo de adquisición ou aluguer de equipamentos e aparellos precisos para a realización das actividades sempre e cando sexan necesarios para a execución dos mesmos e estean debidamente xustificadas na medida e tempo que se destinen a realización das actividades obxecto do convenio.
- Material funxible, exclusiva e permanentemente dedicado ás accións do convenio.
- Custos de viaxes e dietas relacionadas coa execución das actividades.
- Outros gastos directamente derivados da execución das actividades e que estean debidamente xustificadas (consultaría, formación, mantemento, gastos de publicidade, promoción e difusión das actividades, aluguer de espazos...)
- Custos indirectos cun límite máximo do 10% do custe de persoal: aqueles gastos correntes efectuados con recursos propios que sexan imputables ao desenvolvemento das actividades previstas no convenio, na parte que, de forma razoada, correspondan, de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realizan as actividades.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) non será subvencionable.

TERCEIRA. – Compromisos das partes.

Axencia Galega de Innovación:

- Participar na Comisión de seguimento.
- Achegar os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, conforme ao previsto na anterior cláusula de financiamento.
- Cumprir coas obrigas de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo segunda do presente convenio

Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa

Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

- Notificar á Axencia Galega de Innovación a concesión de calquera outra subvención concedida para o mesmo fin tan pronto se teña coñecemento da mesma.

- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.

- No caso de cesión de datos cumprir as esixencias do artigo 12 da Lei 15/1999 de Protección de Datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

- Cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- Realizar as actividades obxecto do convenio.

- Cumprir coas obrigas de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo segunda do presente convenio

- Empregar na súa publicidade e no desenvolvemento das actividades do programa de aceleración, o distintivo Rede Galega de Aceleradoras de Innovación da Xunta de Galicia, que se lle facilitará, xunto coas normas de uso, tras a sinatura deste convenio.

CUARTA.- Financiamento.

As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo máximo estimado de 500.000€ (IVE non incluído), para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 100% con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.741.16 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para o ano 2017

A desagregación do importe da subvención xúntase ao presente convenio como anexo II. Será posible a modificación de importes entre as diferentes partidas indicadas no dito anexo II, de forma

automática, sempre e cando as citadas modificacións non superen o 10% do importe total da subvención.

Para os casos en que se exceda do 10%, a modificación deberá ser previamente aprobada pola comisión de seguimento, procedendo á firma da correspondente addenda.

Os impostos indirectos e os impostos persoais sobre a renda unicamente serán subvencionables cando non sexan susceptibles de recuperación ou compensación. O imposto sobre o valor engadido (IVE) non será subvencionable.

A subvención concedida será incompatible con outras subvencións concedidas para o mesmo fin, xa que se financian o 100% das actividades obxecto do convenio.

En execución do presente convenio permítese a subcontratación con terceiros por parte do beneficiario ata un máximo dun 75% .

A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.
- Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.

Non obstante, segundo se establece no artigo 3.1 d) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, consideraranse que forman parte do sector público “as sociedades mercantís en cuxo capital social a participación directa o indirecta, de entidades das mencionadas nas letras a) a f) [Administración Xeral do Estado, Administracións das Comunidades Autónomas, Entidades que integran a Administración local, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, as universidades públicas, as Axencias Estatais, etc.] do citado artigo 3.1 sexa superior ao 50 por cento. Así pois, se no beneficiario da axuda concorren os criterios sinalados así como os previstos no artigo 3.3 b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, consideraranse poder adxudicador, a efectos da devandita Lei, e deberá, en todo caso, cumprir co establecido nesa norma legal.

De acordo co establecido no artigo 29 3 da citada Lei 9/2007 (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á

contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).

QUINTA. – Condicións de pagamento e xustificación da subvención.

Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do Regulamento de desenvolvemento de dita Lei; poderán realizarse os seguintes pagamentos:

- Dous (2) pagamentos fraccionados ata un máximo dun 80% no seu conxunto, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, e
- A cantidade final restante, pagarase á xustificación tras o remate da execución da totalidade das actividades obxecto do convenio.

Para cada pago fraccionado o PTG presentará a xustificación, como mínimo, polo importe solicitado. A xustificación que exceda do 80% do custe das actuacións, poderá ser imputada a xustificación da cantidade final restante, non sendo posible en todo caso que o total pagado en concepto de pagos fraccionados supere o 80% do importe total da subvención.

En todo caso, segundo dispón o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionado correspondente aos pagos xustificados.

Con carácter xeral, para o aboamento de calquera dos pagamentos previstos, o PTG deberá presentar, xunto coas correspondentes solicitudes e xustificación, a seguinte documentación seguintes:

- De ser o caso de se precisar actualización, certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

Para o cobro dos pagamentos previstos, o PTG deberá presentar a documentación relacionada a continuación, nos termos e condicións que se indican:

- Primeiro pagamento parcial.

O PTG deberá solicitalo antes do 14/9/2017, presentando a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento.
- Memoria parcial xustificativa das actividades desenvolvidas, na que conste como mínimo os datos relativos a repercusión das actividades nos medios de comunicación, conclusións, alcance.
- Certificación detallada do cumprimento da finalidade do presente convenio de colaboración e da aplicación de fondos destinados ao mesmo, acompañada dunha memoria económica na que conste :
 - Relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento, importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no paragrafo anterior emitidas dentro da anualidade a que se contraia a respectiva convocatoria.
 - Xustificación dos pagos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pago. Non se admitirán os pagos en efectivo.
- No caso de custos de recursos propios (gastos correntes) xustificaranse ademais cunha memoria detallada das imputacións do mesmo á actividade correspondente. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo responsable da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o PTG

- Segundo pagamento parcial.

O PTG deberá solicitalo antes do 16/11/2017, presentando a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento.
- Memoria parcial xustificativa das actividades desenvolvidas, na que conste como mínimo os datos relativos a repercusión das actividades nos medios de comunicación, conclusións, alcance.
- Certificación detallada do cumprimento da finalidade do presente convenio de colaboración e da aplicación de fondos destinados ao mesmo, acompañada dunha memoria económica na que conste :
 - Relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento, importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no paragrafo anterior emitidas dentro da anualidade a que se contraia a respectiva convocatoria.

- Xustificación dos pagos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pago. Non se admitirán os pagos en efectivo.
- No caso de custos de recursos propios (gastos correntes) xustificaranse ademais cunha memoria detallada das imputacións do mesmo á actividade correspondente. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo responsable da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o PTG.

- Pagamento final.

A cantidade restante será pagada tras a completa xustificación das actuacións, presentando antes do 14/12/2017 a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento.
- Memoria final xustificativa das actividades desenvolvidas, na que conste como mínimo os datos relativos a repercusión das actividades nos medios de comunicación, conclusións, alcance.
- Certificación detallada do cumprimento da finalidade do presente convenio de colaboración e da aplicación de fondos destinados ao mesmo, acompañada dunha memoria económica na que conste :
 - Relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento, importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no paragrafo anterior emitidas dentro da anualidade a que se contraia a respectiva convocatoria.
 - Xustificación dos pagos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pago. Non se admitirán os pagos en efectivo.
- No caso de custos de recursos propios (gastos correntes) xustificaranse ademais cunha memoria detallada das imputacións do mesmo á actividade correspondente. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo responsable da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o PTG.

SEXTA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do PTG para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigas específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios

da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

SÉTIMA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio coa Axencia Galega de Innovación, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

OITAVA.-Seguimento do convenio

Ao abeiro do presente convenio créase unha Comisión de Seguimento e Coordinación das accións que se recollen no mesmo, e que estará constituída polas seguintes persoas:

Pola Axencia Galega de Innovación:

- Director da Area de Servizos ou persoa en quen delegue.
- Un Técnico da Axencia Galega de Innovación.

Pola Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (PTG):

- A Directora de Administración e Finanzas.
- Un técnico de proxectos da sociedade.

A Comisión de Seguimento reunirse tantas veces o solicite algún dos seus membros.

No que respecta á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos rexerá o disposto na normativa vixente en materia de órganos colexiados contida no Capítulo I, del Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico

NOVENA.- Alteración das actuacións

Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola PTG ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

A vixencia do convenio esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2017.

UNDÉCIMA.- Resolución do convenio.

Poderá dar lugar á resolución do convenio:

- A alteración das accións a realizar sen autorización da Axencia Galega de Innovación.
- A suspensión do convenio por parte da Axencia Galega de Innovación por razóns de interese público.
- O acordo mutuo entre as partes, formalizado por escrito.

DÉCIMO SEGUNDA.- Obrigas específicas en materia de información sobre convenios.

O PTG facilitará canta información resultase necesaria, para face posible o cumprimento das obrigas impostas en materia de publicidade pola Lei 1//2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza xurídica Réxime xurídico e controversias.

Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

Con carácter supletorio aplicaranse as disposicións contidas na *Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público*.

Así mesmo a súa regulación exclúese do ámbito de aplicación do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1 d), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentar.

GAIN ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso.Administrativo.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación
O Conselleiro de Economía, Emprego e
Industria.

Pola Sociedade Parque
Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Francisco José Conde López

Patricia Argerey Vilar

ANEXO I

Plan de actividades proposto para a celebración da segunda edición do Programa Agrobiotech Innovación

O programa levarase a cabo durante o ano 2017, estruturándose arredor de cinco actuacións e unha actividade transversal, onde se levarán a cabo as seguintes actividades:

Actuación 1: Avaliación e seguimento de resultados das 11 empresas participantes na primeira edición do programa

- Dirixido ás 11 empresas beneficiarias da primeira edición do Programa Agrobiotech Innovación.
- Medición do impacto de resultados das accións realizadas no anterior programa, valoración cos resultados previstos e asesoramento para posibles medidas correctoras en caso de desviacións.
- Participación na programación e desenvolvemento das accións transversais de capacitación.
- Inclusión das empresas en accións de visualización e posta en valor ligadas á nova edición do programa (Encontro, Lonxa, medios, etc.).

Actuación 2. Programa de aceleración

- Lanzamento dunha convocatoria destinada a pemes ou EBTs dos sectores Biotecnoloxía, Agroalimentación e Biomasa, en fase que xa están no mercado cun alto potencial de crecemento.
- Selección por parte de GAIN de ata un máximo de 10 empresas beneficiarias do programa.
- Deseño e implementación, por parte de titores expertos coñecedores do ecosistema da innovación galega e o desenvolvemento de negocios, de "Itinerarios de Excelencia" deseñados á medida de cada peme beneficiaria, tras a realización de diagnóses internas realizados en conxunto coas empresas.
- Seguemento e control do desenvolvemento dos ditos itinerarios de excelencia.

Actuación 3: Accións de capacitación transversais

- Organización dun mínimo de 3 actividades formativas programadas atendendo ás peticións e necesidades das empresas beneficiarias.

Actuación 4: II Encontro Agrobiotech Innovación

- Celebración dun Encontro sectorial (Biotecnoloxía-Agroalimentación-Biomasa) en Ourense nas instalacións de PTG, S.A. dun ou dous días de duración.
- Orientado a profesionais e a axentes de referencia de cada sector.
- Favorecedor do networking.
- Coa implicación activa dos clústers, centros tecnolóxicos e empresas tractoras/referentes.

Actuación 5: Lonxa de inversores BIO

- Celebración de la Lonxa de inversores BIO dentro do contexto da segunda edición do programa.

Actuación transversal: Oficina técnica

- Execución das labores de Oficina Técnica encamiñadas a realizar as labores de coordinación, xestión, seguimento e control para a posta en marcha e a realización das anteriores actuacións da 2ª edición do “Programa Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega”.
- PTG, S.A. e GAIN coordinaranse para a realización de ditas tarefas e porán a disposición os recursos necesarios para o seu cumprimento.

ANEXO II

Orzamento máximo estimado para a execución do programa
(IVE non subvencionable)

Gastos de persoal para a actividade de oficina técnica	20.000,00
Gastos xerais do programa: apoio axentes sectoriais, plan de comunicación, deseños web, publicidade, materiais funxibles, etc.	75.000,00
Subcontratación de consultoría itinerarios empresas beneficiarias	85.000,00
Subcontatacións de expertos e outros gastos para execución dos itinerarios	200.000,00
Xornadas de capacitación transversal	17.000,00
II Encontro Agrobiotech Innovación	85.000,00
Lonxa de investidores	18.000,00
TOTAL	500.000,00